

CRÓNICA **A perigosa vida dun árbitro bravú**

Domingo de entroido. Unha e media da tarde. **Xabier Rodríguez**, árbitro de Rexional Preferente, accede á Autovía do Noroeste por Betanzos e apura o seu vello Renault 21 en dirección a Carballo. "Xa estou afeito a comer codo tódolos domingos", comenta, "hoxe pola mañá pitei en Cambre un partido de cadetes (rapaces entre quince e dezaseis anos) e ás tres e media teremos que estar xa na terra da Virxe da Barca". Xabier arbitra hoxe un **Muxía-Laxe, encontro a morte entre dous equipos que loitan pola cabeceira da lista na liga de Tercera Rexional**. "E iso non é todo", apunta, "onte tiven que pitar en Ordes a dous equipos infantís. Sómosche moi poucos nesta profesión e case non damos abasto". Non lle falta razón. Segundo el mesmo me explica, na delegación da Coruña hai uns noventa árbitros para pitar uns douscentos partidos cada fin de semana. Pode tocarlles en sorte visitar calquera destino dentro da provincia: As Mariñas, a Costa da Morte, Ferrol, Pontedume, Santiago, Ordes, Arzúa ou Melide. Outra característica, pois, que os emparenta cos cregos: ademais de **vestir de negro e de oficiar os domingos, son poucos e están mol solicitados**.

Ese mesmo día, ás cinco da tarde, xoga o Deportivo do Villarreal. Aínda así, Xabier espera que **Arlaña**, o campo do Muxía, rexistre unha boa entrada. "O fútbol televisado e a mellora das comunicacións feriron de morte o fútbol modesto. Hoxe en día calquera pode coller o coche e ir ata Riazaor ou prender a televisión do salón e deitarse no sofá mentres ve xogar o seu equipo favorito". Pero para entender o alcance socialdixico do fútbol afeccionado de antano, Xabier recoméndame un libro sobre a historia da Liga da Costa na que se narran os comezos do Baio, un equipo do concello de Zas que ten o estraño privilexio de ser a única formación do mundo que leva un faroliño vermello no seu oscuro. Semella que os seus primeiros responsables tomaban con bo humor iso de ser os primeiros pola cola. E é que o fútbol da Costa da Morte xa non é o que era. "En Fisterra, alá polos anos cincuenta, os xogadores axudábanse das paredes dunha igrexa para facerse autopases e burlar así ós seus contrincantes". ¿Que quoda hoxe daquel **fútbol bravú**?

A Costa da Morte é o lugar de Galicia onde a **rivalidade** entre os equipos de vilas contiguas ten máis sonda. ¡É que rivalidade! Desde hai uns meses, e vistas as recorrentes agresións que padecían os árbitros por parte dalgunha afección pouco contenta co resultado do seu equipo, os partidos teñen que disputarse con forza pública (Policía ou Garda Civil) ou cun "corpo de orde", formado por tres persoas do equipo local. Xabier confesa que nalgunha ocasión tivo que saír escoltado pola Garda Civil. "Non che é ningunha broma, sei de compañeiros que pasaron un par de semanas no hospital". Derbis como o Corme-Ponteceso ou o Carnota-Lira merecen entrar na clasificación de "partidos de alto risco". Afortunadamente, non tódolos encontros de fútbol rematan como as películas de Bud Spencer e Terence Hill.




Xabier, o pe da Pedra dos Cadrís

Mentres percorremos o flaxelante trazado da comarcal 552 en dirección a Muxía, deixamos ás nosas beiras algún que outro exemplo de feísmo urbanístico, resaltado polo contraste cos fermosos hórreos de pedra que safiren a comarca de Bergantiños. Sorpréndenme os coñecementos de Xabier sobre cada unha das vilas que atravesamos. De tanto viaxar, os árbitros convértense en excelentes guías turísticos.

Pasamos por Coristanco, "a capital mundial da pataca", Baio "a porta grande da Costa" e, á altura de Vimianzo, Xabier responde á miña curiosidade por coñecer os meca-

nismos de promoción arbitral. "Subir de categoría é unha aventura moi parecida á dunha oposición. Hai que pasar multitude de obstáculos: informes de campo, probas físicas, exames de estatutos e regras de xogo, tests culturais... jata un exame de redacción de actas!". Ser un xuíz sobre o terreo de xogo obriga a ter unha idea clara sobre o que hai que facer ante calquera suceso, e nun campo de fútbol pode acontecer de todo. "As preguntas dos exames sobre regras de xogo son do máis peregrinas. ¿Que tipo de sanción hai que aplicar se un xogador pronde un cigarro durante o partido? Libre indirecto e cartón amarelo. ¿É se un defensa decide usar a súa caneleira para parar un gol? Penalti e expulsión; a caneleira considérase unha prolongación da súa man". Resulta difícil reprimir a gargallada ante semellantes supostos.



Quecimentos antes de entrar no campo



O bombo anima o ambiente das bancadas


Os montes do granito e os aeroxeradores dos parques eólicos "virandelos" na linguaxe popular, recibennos en Muxía. Antes de presentarse no campo de xogo, Xabier decide visitar de novo o santuario de **Nosa Señora da Barca**, coa súa famosa **pedra de abalar**. Mentres subimos, o impresionante faro do Cabo Vilán víxianos desde a distancia. As ondas do mar, impulsadas polo vento, baten con forza nas rochas. ¿Un presaxio do ambiente que agarda no campo?

"Antes do partido sempre tomo un café nun dos bares da zona". Boa superstición. Entramos nun café-bar de mariñeiros, ambientado polo seseo o a ghoada característicos da zona. Xabier colle un exemplar de *La Voz de Galicia*. A edición local ponlle título ó encontro: "Muxía-I, axe, duelo sin concesiones". O dominical recolle unha reportaxe dedicada a aquelas profesións que requiren traballar entre insultos. Por descontado, aparecen declaracións dun árbitro, as do ourensán Bernardino González, colexiado da Primeira División. "A arbitraje é o colectivo necesario no fútbol para que os demais se escuden nas súas propias incapacidades". Que razón ten Bernardino. No bar destaca, entre os anuncios da confraría de pescadores de Muxía, un cartol da peña deportiva "O Corvo". Ave de mal agouro. Só lles faltaba pendurarlle un farolliño vermello do pescozo.


Xa ó hora de marchar cara ó campo. A ríña, a casa do Muxía, atópase a uns cantos metros da costa. Nos días de mar bravo, xuraría que as pingueiras de auga salgada son quen de superar a cobertura das bancadas que, a xeito de muro de contención, danlle as costas ás rochas esculpidas polo salitre. Do lado de en fronte, onde están os bancos dos equipos, unha pendente duns corenta e cinco graos erixo outro muro de contención, pero esta vez o *invasor* non é o mar, senón un vertedoiro de lixo moi concorrido polas gaivotas.

¿NECESITA REALIZAR UNA OPERACIÓN?

DE CAIXA GALICIA



caixa *activa*



SERVICIO CAIXA ACTIVA DE CAIXA GALICIA no hay nada más fácil

CAIXA GALICIA

www.caixagalicia.es

información al
902 12 13 14

O primeiro destino dun árbitro unha vez chega ó campo é, por descontado, o **vestiario**. Alí recibe os delegados e os capitáns de cada equipo, que lle entregan as fichas de cada un dos xogadores e o informan de que cor van vestir. O delegado do equipo local é ademais o delegado de campo, principal responsable da seguridade do colexiado. Como non hai Garda Civil, tres rapaces presentanse ante o árbitro como os integrantes do "corpo de orde". Nun partido de tanta rivalidade, todas as prevencións son poucas. Xabier comproba as fichas dos xogadores, apunta os seus nomes na acta, **vistese de faena** e fai os primeiros quecementos. Todo está a punto. Antes, un último repaso ó peto da camisa: cartolinas vermella e amarela, lapis... e a única arma que é capaz de deter o xogo: o chifro. Del pendura unha pequena imaxe do Che Guevara. Dubido que semellante abelorio sexa regulamentario, pero supoño que o mellor patrón dun árbitro non pode ter outra profesión que a de guerrilleiro.

Catro e cuarto. Comeza o encontro. O chiringuito contiguo ós vestiarios, con barra de mármore e transitor incorporado, comeza a servir os primeiros catés (do pucheiro, por suposto). Vai aire e frío. O mellor sitio para seguir o partido son as bancadas, nas que preto de medio cento de persoas dan forma á **afección** máis **heteroxénea** do mundo. Están os **vellos raposos**, de dous tipos: os que falan para si e fan preguntas retóricas, e os que comentan co compañeiro as xogadas, discutindo o efecto do vento na traxectoria dos lanzamentos e dos pases. Esta o **rapaz do tambor**, que se confesa irmán do dorsal número dous do Muxia, máis coñecido como o Claudio. Ó seu lado un grupo de **mulleres e rapazas** corean os berros de ánimo para o equipo local. Son as máis activas das bancadas, tamén á hora de insultar ó árbitro. Identifícanse como a peña "Corviños-punto-com". Asegúranme que os rapaces do Muxia están a liña e non probaron o cocido do entroido. Mágoa, ¡co ben que veñon as calorías do lacon e da cachucha para tornar o frío! A carón das corviñas sentan uns cantos adolescentes. Seguro que máis de un irmán dos gladiadores muxiáns.


O encontro non empeza ben para o conxunto local. Marca o Laxe no minuto dez. Volvo a ollada para as bancadas. Entre os espectadores, dous chaman poderosamente a miña atención. Un é un rapaz disfrazado de **Napoleón**. O outro é un napoleón disfrazado de **adestrador**. Trátase de Juan, alias "**Papi**", que case desde o primeiro minuto apunta a Xabier como o responsable dunha presunta esta-

ta arbitral. Sorte que empata o Muxia no minuto vinte e cinco. Vestidos de vermello, os locais parecen os diaños de Manchester. O Laxe, acurrulado, encaixa o segundo gol. **Bourea o tambor, rechouchian as corviñas**. Segundo tempo. A vantaxa do Muxia non contenta a Papi. Hai **entradas duras**. Reclama cartón. O público corea o "**Escándalo**" de Raphael. **Papi**, expulsado no descanso, volve cargar contra Xabier desde as bancadas: "**¡Árbitro, que burro es! ¡Así che vai, que estás en Terceira Rexional!**". O mesmo argumento se podería esgrimir en contra do Muxia, pero non me atrevo a sinalalo. Succedense os **insultos**, o Laxe recompón a súa defensa, o Laxe saca de falta, o Laxe aproveita o rebumbio na área e... o Laxe empata o partido. Final.


Xabier, acompañado do "corpo de orde", apura o paso cara ós vestiarios. Unha morea informe de seareiros exaltados, encirrados por Papi, conseguen acurrular o árbitro e a súa comitiva no vestiario visitante. Unha voz apela á razón. "¡Non fagades parvadas! ¿Que queredes, que nos clausuren o campo?". Os ánimos cálmanso. Xabier consegue entrar no seu vestiario pero aínda hai algún descontento que promete guerra á saída. Dentro da súa particular trincheira, o colexiado redacta a acta: tres tarxetas amarelas e dous expulsados: Papi e un xogador do Muxia que lle prometera que non ia saír vivo de alí. Cans ladradores case nunca traban, pero non convén tentar a sorte. Xabier pídelle ó delegado de campo que chamo á Garda Civil. "Sentínolo, pero non temos ningunha patrulla dispoñible", responden desde o cuartel, a medio quilómetro de distancia.

Por sorte para o árbitro, ós dez minutos xa case non hai ninguén fóra dos vestiarios. Xabier acepta saír escoltado polos tres representantes do equipo local, ós que se suma Papi. Moito máis calzado, o adestrador do Muxia busca explicacións á que considera unha funesta actuación arbitral. "¡Se tes medo é porque o fixeches mal!", berra. Ó non obter resposta, Papi abandona o "corpo de orde", que acompañaría a Xabier ata o seu carismático Renault 21. É dentro do coche cando teño a sensación de que verdadeiramente rematou o partido. É aboté que Xabier debe pensar o mesmo. ¿O Bernabeu? ¡Bah! Arriña. ¡Alí si que hai **medo escénico!**


Texto e fotos Francisco Seoane



O entroido muxián nas bancadas



3 gol do empate desata a ira dos muxiáns



3 gol do empate desata a ira dos muxiáns



Xabier recibe queixas... e as ameazas de Papi



Os componentes do corpo de orde acompañan a Xabier á saída dos vestiarios. Papi pide explicacións



Os componentes do corpo de orde despiden a Xabier